

## **UNHA OPORTUNIDADE DE ESTUDO PARA A MULLER: OS IDIOMAS, DE VERNIZ CULTURAL A CUESTIÓN PROFESIONAL (1910-1936)**

### **THE LANGUAGES, AN OPPORTUNITY TO STUDY FOR WOMEN: FROM CULTURAL VARNISH TO PROFESSIONAL ISSUE (1910-1936)**

**Ángel Serafín Porto Ucha**  
Profesor Ad Honorem, USC  
[angelserafin.porto@usc.es](mailto:angelserafin.porto@usc.es)

**Raquel Vázquez Ramil**  
Escola de Maxisterio CEU-UVigo  
[raquel@acett.org](mailto:raquel@acett.org)

#### **RESUMO**

Neste traballo incluído no número 26 monográfico de *Innovación Educativa* dedicado a «Xénero e Educación», analizamos o papel dos idiomas na educación da muller española, dende 1910 até o corte drástico da guerra civil, que terá fondas e trágicas repercusións na educación xeral e na da muller en particular. Previamente, remontámonos á Restauración, na segunda metade do século XIX, e ás primeiras iniciativas a prol da educación feminina e a ensinanza de idiomas promovidas polos krausistas e a *Institución Libre de Enseñanza*. O traballo céntrase na Escola Central de Idiomas de Madrid, creada en 1911, e na presenza das mulleres nas súas aulas como alumnas e profesoras.

**Palabras chave:** idiomas, xénero, educación da muller, Escola Central de Idiomas de Madrid.

#### **ABSTRACT**

This paper, included in the monographic number 26 of *Innovación Educativa* about «Gender and Education», analyzes the role of foreign languages in the Spanish Women's education, since 1910 to the drastic cut of the Civil War, with deep and tragic impact in the general education and, particularly, in the women's education. Previously, we go back to the Restoration, in the second middle of nineteenth century, and the first moves in favour of the women's education and foreign languages teaching, promoted by the Krausist teachers and the *Institución Libre de Enseñanza*. Our work focuses on the Languages Central School of Madrid, opened in 1911, and in the presence of women in its schoolrooms, as students and also as teachers.

**Key words:** Foreign languages, gender, women's education, Languages Central School of Madrid.

## 1. ANTECEDENTES: AS LINGUAS VIVAS NOS PLANOS DE ESTUDO OFICIAIS

A Lei de Instrucción Pública de 9 de setembro de 1857, ditada polo ministro de Fomento Claudio Moyano, regulará a ensinanza en España durante máis de cen anos, até a Lei Xeral de Educación de 1970; por tanto, é un documento fundamental para entender as liñas esenciais da educación en España dende mediados do século XIX até ben entrado o século XX (Montero Alcaide 2009: 5-6). A Lei Moyano dividía a ensinanza en tres niveis: primario, secundario e superior ou universitario. A primeira ensinanza era, en teoría, obrigatoria para todos os españois até a idade de 9 anos e gratuíta para todos aqueles que non puidesen pagala, pero as elevadísimas taxas de analfabetismo rexistradas ata mediados do século XX poñen en evidencia a súa escasa eficacia. As *linguas vivas* ou idiomas incluíanse nos estudos xerais impartidos no período de segunda ensinanza, que daba acceso ao título de Bachiller en Artes. Na terceira ensinanza, a aprendizaxe de linguas correspondía á Facultade de Filosofía e Letras, centrándose nas linguas clásicas (art. 33 da Lei Moyano). O artigo 207, que trata dos catedráticos de instituto, estipulaba que «los profesores de Lenguas vivas y Dibujo, y los de Música vocal e instrumental y Declamación no necesitan título», en clara demostración da escasa importancia concedida a estes estudos, á parte de que non existía un título específico de idiomas nese momento. A Lei Moyano non facía máis referencias ás linguas vivas. Nesa época, as competencias en materia de instrucción pública correspondían ao Ministerio de Fomento.

Por Real Decreto de 18 de abril de 1900 créase o Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes durante o goberno conservador de Francisco Silvela; o primeiro ministro de instrucción pública é Antonio García Alix. A chegada do Ministerio de Instrucción Pública foi concreción dos principios rexeneracionistas, moi influídos polo ideario institucionista tras a crise do 98 (Palacios Lis 1985: 312). Unha das primeiras medidas de García Alix foia reforma do plano de estudos de segunda ensinanza por Real Decreto de 20 de xullo de 1900, que contemplaba a inclusión do estudo de linguas vivas nos planos de segunda ensinanza e o xustificaba coas seguintes palabras:

Como imperiosa necesidad de la vida moderna de relación de unos pueblos con otros, y olvido del funesto aislamiento en que hemos vivido, así como por la precisión de conocer cuanto más saliente y provechoso se produce en las ciencias y en sus aplicaciones, impónese el conocimiento de las lenguas vivas: una el Francés, otra el Inglés o el Alemán. (Morales Gálvez, 2000: 18)

Engadía o Real Decreto unha elocuente descrición de como debía ser o ensino das linguas vivas:

No hay necesidad de consignar hasta qué punto debe ser práctico el trabajo de estudiarlas. La lectura correcta, la traducción y la redacción corrientes deben ser el objeto principal, y si además en las clases se acostumbran desde el primer día profesores y alumnos a ir gradualmente empleando el lenguaje, resultará la tarea provechosa y el éxito cierto (*Ibid.*: 19).

O francés era obrigatorio no primeiro ciclo da segunda ensinanza, sendo o inglés e alemán optativos no segundo. Houbo sucesivos planos de reforma parcial dos distintos niveis de ensinanza,

pero no esencial o esquema mantívose por enriba de todos os cambios de goberno: as linguas vivas impartíanse na segunda ensinanza, reducíndose ao francés obrigatorio no primeiro ciclo, e podendo elixir entre inglés ou alemán no segundo. Os métodos eran fundamentalmente teóricos, e o profesorado de *lenguas vivas* non necesitaba título, senón que entraba na categoría de auxiliar, igual que os profesores de debuxo e música, o cal demostra a escasa importancia concedida a estas materias (Morales Gil 2009: 4). A deficiente ensinanza de idiomas nos planos de estudo do noso país supuña un lastre para a cultura en primeiro lugar, pero tamén para a ciencia e para o progreso xeral, e motivou a protesta de numerosos intelectuais; o gris panorama foi descrito por Américo Castro nun artigo publicado en 1921 no *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*:

¿Qué se entiende entre nosotros por enseñanza de lenguas modernas? En este punto no hemos rebasado el plano más inferior, en que comienza el interés por aquellos idiomas; se considera su estudio como un instrumento útil o de adorno. Los españoles, abandonados a sí mismos, los aprenden aisladamente, cuando la necesidad les apremia; el Estado se limita a mantener una apariencia de enseñanza en los Institutos (dos años de francés, un año de inglés o alemán) y Escuelas de Comercio ¿Quién ignora, empero, que nadie aprende a leer y escribir correctamente una lengua en esos Centros? Es decir, que ni aún la finalidad más modesta y elemental se logra dentro de nuestra enseñanza. Lo que acontece con el alemán es divertido. Como se sabe, hay un curso de un año en los Institutos para los estudiantes que van a seguir la carrera de médicos. Por lo de pronto, se queda un estupefacto al ver que el Estado piensa que el alemán es necesario para la Medicina, pero no para las Ciencias, el Derecho o la Filología (Castro, 1921: 378).

Dito isto, a educación das mulleres e, dentro dela, os estudos de idiomas, introdúcennos nun mundo á parte.

## 2. O ACCESO DA MULLER Á EDUCACIÓN

O século XX iníciase cunhas taxas de analfabetismo escandalosamente altas: do 55,78% para os homes e do 71,42% entre as mulleres. Vinte anos despois, cando a muller, en teoría, pode acceder á universidade e ten ao seu alcance unha ampla gama de estudos, a situación no mellorou moito: o analfabetismo é do 46,30% entre os homes e do 57,80% entre as mulleres (de Gabriel, 1997: 202).

Por tanto, hai unha elevada porcentaxe de poboación que non ten acceso a ningún tipo de estudos, sendo máis esaxerado no caso das mulleres, cuxa educación se subordinou sempre á dos homes. Estas taxas de analfabetismo indican que máis da metade da poboación non recibía ningún tipo de educación ou non completaba os rudimentos da ensinanza primaria; por tanto, nos niveis seguintes, secundario e universitario, o número de estudantes descendía de forma radical, sobre todo no caso das mulleres, cuxa presenza neses niveis foi testemuñal ata os anos vinte e avanzou logo moi lentamente. En 1914, por exemplo, o total de varóns que estudaban bacharelato en España era de 47.377, fronte a tan só 1.373 mulleres; se subimos, a pirámide numérica estréitase: no curso 1915-16 había 21.026 alumnos matriculados por oficial e libre nas universidades españolas, fronte a 438 alumnas. Que estudan entón as mulleres? Pouca cousa ou a carreira feminina por excelencia,

o maxisterio. As cifras son elocuentes: en 1914 estudaban nas Escolas Normais de mestres 8.707 homes e nas Normais de mestras 10.215 mulleres (Vázquez Ramil, 2012).

E os idiomas ou linguas vivas? Os que non accedían ao bacharelato non tiñan ocasión de estudar ningún idioma, agás a título particular na casa ou en academias especiais. Na ensinanza secundaria a absoluta primacía correspondía ao francés. E nas Escolas Normais estudábase só francés durante dous cursos (en 1º e 2º curso do grao superior do Plano de 1903; en 3º e 4º do grao único do Plano de 1914) (Porto Ucha, 2004).

Á parte dos establecementos oficiais, houbo dende a Restauración centros educativos particulares de moi diferente signo, dende os grandes colexios das ordes relixiosas, tanto masculinos como femininos, ás academias particulares ou a establecementos rexentados por *señoras de buena reputación* no caso dos destinados a nenas, que ampliaban os coñecementos elementais de lectura, escritura, cálculo e labores *propias del sexo* con lixeiras nocións de historia, arte, xeografía e coa aprendizaxe dun idioma, case sempre o francés, considerado de bo ton entre as clases altas e que tiña carácter de coñecemento ornamental. Nestes centros «la enseñanza se reducía a un conocimiento ligero de algunos idiomas y a una modestísima práctica artística» (Solé Romeo, 1990: 161). Entre estas materias *de adorno* ocupaba lugar preferente o francés, «que distinguirá a las integrantes de las altas capas sociales, entre las cuales resulta imprescindible saberlo a nivel de conversación» (Capel Martínez, 1982: 327).

A educación das mulleres burguesas, as únicas que optaban a algún tipo de educación, é descrita con elocuentes palabras por Emilia Pardo Bazán:

Por más que todavía hay hombres partidarios de la absoluta ignorancia de la mujer, la mayoría va prefiriendo, en el terreno práctico, una mujer que, sin ambicionar la instrucción fundamental y nutritiva, tenga un baño, barniz o apariencia que la haga “presentable”. Si no quieren a la instruida, la quieren algo educada, sobre todo en lo exterior y ornamental. El progreso no es una palabra vana, puesto que hoy un marido burgués se sonrojaria de que su esposa no supiera leer ni escribir. La historia, la retórica, la astronomía, las matemáticas, son conocimientos ya algo sospechosos para los hombres; la filosofía y las lenguas clásicas serían una prevaricación; en cambio, transigen y hasta gustan de los idiomas, la geografía, la música y el dibujo, siempre que no rebasen el límite de *aficiones* y no se conviertan en *vocación* seria y real. Pintar platos, decorar tacitas, emborronar un «efecto de luna», bueno; frecuentar los Museos, estudiar la naturaleza, copiar del modelo vivo, malo, malo. Leer en francés el figurín, y en inglés las novelas de Walter Scott... ¡psh! Leer en latín a Horacio... ¡horror, horror, tres veces horror! (Pardo Bazán, 1976: 51)<sup>1</sup>

No medio deste pobre panorama, houbo iniciativas privadas que se ocuparon da educación da muller, da súa preparación profesional para participar na obra humana plenamente e da extensión da ensinanza de idiomas como medio de saír dun illamento secular que atrofiaba. Vexamos as máis transcendentais.

<sup>1</sup> Publicado orixinariamente en *La España Moderna*, ano II, nº XVII, maio de 1890.

### 3. INICIATIVAS EN PRO DA EDUCACIÓN DA MULLER: O LABOR DOS KRAUSISTAS

No século XIX un grupo de intelectuais liderados polo catedrático de Filosofía da Universidade de Madrid Julián Sanz del Río vai desenvolver un profundo interese polas cuestións educativas seguindo a doutrina difundida polo filósofo alemán Karl Friedrich Krause na súa obra fundamental, el *Ideal de la Humanidad*<sup>2</sup>. Os krausistas, liderados por Sanz del Río e polo seu discípulo Fernando de Castro, promoven unha serie de iniciativas de reforma social e de promoción da educación da muller trala Revolución de 1868 (Vázquez Ramil, 2012: 23-37): en 1869 organizase un ciclo de *Conferencias Dominicales para la Educación de la Mujer* no paraninfo da Universidade Central, que ten grande éxito. No mesmo ano, Fernando de Castro patrocina a creación dun Ateneo Artístico e Literario de Señoras, presidido pola escritora e conferenciante Faustina Sáez de Melgar. O propósito deste centro era «instruir a la mujer para que pueda guiarse por sí sola sin necesidad de auxilio alguno, que se baste por sí propia y tenga los conocimientos necesarios para adquirir una posición en caso preciso, dejando de ser para el hombre una carga pesada, ya insostenible, según las tendencias de lujo y desenfreno...»<sup>3</sup>

E nel ofrecíase unha ensinanza fundamentalmente ornamental, con algún que outro aspecto práctico: música, teneduría de libros, física experimental, historia sagrada, natural e profana; retórica e poética, caligrafía, debuxo, economía doméstica e idiomas.

O Ateneo serviu de base para a creación, a finais de 1869, da *Escuela de Institutrices*, que ofrecía unha ensinanza moito máis completa que as Escolas Normais da época, pois impartíanse materias como física, cosmografía, economía política, literatura española, música, debuxo, inglés e francés. Nesta Escola deron clases destacados intelectuais como Francisco Giner de los Ríos, Gumersindo de Azcárate, Juan Facundo Riaño, Rafael Torres Campos, ou Manuel Ruiz de Quevedo, o núcleo dos fundadores da *Institución Libre de Enseñanza*. O alcance da Escola de Institutrices queda ben reflectido na descrición de Concepción Saiz Otero, a galega alumna da institución e logo destacada pedagoga:

¿Qué era la Escuela de Institutrices? La Escuela de Institutrices era, aunque nadie, ni tal vez sus mismos creadores lo sospechasen entonces, la *célula germinativa* de toda la cultura femenina desarrollada en España en el último cuarto del pasado siglo y en el primero del siglo presente (Saiz Otero, 2006: 77<sup>4</sup>).

De maior envergadura foi a creación da *Asociación para la Enseñanza de la Mujer* en outubro de 1870, coa finalidade de «contribuir al fomento de la educación e instrucción de la mujer en todas las esferas y condiciones de la vida social»<sup>5</sup>. A Asociación para a Ensinanza da Muller aglutinou aos dous centros anteriores e en 1878 abriu unha sección de idiomas que abarcaba italiano, inglés,

<sup>2</sup> *Das Urbild der Menschheit* publicouse por ves primeira en 1811, en Dresde. Julián Sanz del Río o traduciu libremente ao castelán e o publicou en 1862 co título de *Ideal de la Humanidad para la vida*.

<sup>3</sup> Ateneo Artístico y Literario de Señoras de Madrid, 1869: prólogo.

<sup>4</sup> A cursiva no orixinal. Publicado inicialmente en 1929.

<sup>5</sup> Asociación para la Enseñanza de la Mujer, 1882.

alemán e ampliación de francés. No mesmo ano creouse unha sección de Música e unha Escola de Comercio para Señoritas, e posteriormente ampliouse cunha *Escuela de Correos y Telégrafos*, unha Escola primaria superior e elemental, e ensinanzas de ampliación como Debuxo, Flores, Modelado, Sombreiro, Corte e Confección, Mecanografía, etc.

A *Asociación para la Enseñanza de la Mujer* foi un éxito dende o primeiro momento: nos cursos 1882 a 1884 había nela 851 alumnas matriculadas. Sen dúbida, ofrecía a educación máis variada e completa para mulleres no último cuarto do século XIX en España, dando cabida en todos os seus estudos aos idiomas. O exemplo callou noutros lugares, e así houbo Asociacións similares en Valencia, Vitoria, Granada, Málaga, Barcelona ou Zaragoza.

A preocupación pola educación da muller en círculos krausistas é anterior no tempo ao nacemento da *Institución Libre de Enseñanza*, como tal, en 1876. A Institución recollerá os principios krausistas e, baixo a dirección de Francisco Giner de los Ríos e do seu discípulo Manuel Bartolomé Cossío, impulsará a reforma da educación española no tránsito do século XIX ao XX.

#### **4. A XUNTA PARA AMPLIACIÓN DE ESTUDOS, A EDUCACIÓN DA MULLER E A ENSEÑANZA DE IDIOMAS EN ESPAÑA**

O krausismo e a Institución comezaron a ver os froitos da semente que tantos anos levaban espallando cando nace a *Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas* (JAE), por Real Decreto de 11 de xaneiro de 1907. A Xunta, como institución oficial, levou a cabo un importante labor de concesión de pensións de estudos a estudantes e profesorado para visitar países estranxeiros, promoveu organismos de investigación como o *Centro de Estudios Históricos* ou o *Instituto Nacional de Ciencias Físico-Naturales*, auspiciou a creación da *Residencia de Estudiantes* en 1910 e a de Señoritas en 1915, e a apertura do *Instituto-Escuela* en 1918 como centro experimental de reformas pedagóxicas.

O labor fundamental da JAE foi a concesión de pensións de estudo no estranxeiro, para o cal era esencial que os solicitantes coñecesen o idioma dos países de destino. Dende 1907 a 1936 a Xunta para Ampliación de Estudos recibiu 9000 solicitudes de pensión (delas, mil trescentas sesenta e tres de mulleres, nunha proporción de seis a unha), e concedeu un total de mil oitocentas catro, delas cento noventa e seis a mulleres (a penas o 11%). Os destinos preferidos foron Francia, Alemaña, Bélxica, Italia, Reino Unido, Austria, Estados Unidos e outros países en menor medida. Por materias, o maior número de pensións destinouse a pedagogía (19%), medicina (18,6%), arte (10,5%), dereito (9,7%) e outras disciplinas (Sánchez-Ron, 2007: 94). Foron escasas as pensións concedidas para estudar exclusivamente linguas estranxeiras: corenta e sete; e só dez se destinaron a mulleres. A metade das pensionistas ampliaron estudos de francés, dúas de alemán, unha de inglés, e outra de inglés e francés; na súa maioría eran profesoras de francés de distintos centros e mestras. A Xunta xestionaba tamén o intercambio de lectores entre Francia e España, establecido por un convenio firmado entre os ministerios de instrución pública de ambos países en maio de 1913; para ser lector ou lectora nun establecemento educativo francés era necesario título universitario, salvo para escolas primarias e Normais, onde eran admitidos os mestres e mestras; segundo as relacións que constan no Arquivo da Xunta para Ampliación de Estudos, o organismo concedeu 217 axudas

para lectorados, fundamentalmente en Francia, pero tamén en Estados Unidos e outros países; destas axudas, 87 destináronse a mulleres, moitas delas graduadas da Escola Superior do Maxisterio e mestras. Era unha boa maneira de tomar contacto directo ca lingua estranxeira e de completar, ao mesmo tempo, a formación aproveitando os recursos dos países de destino.

Tanto na Residencia de Estudiantes, aberta en 1910 para acoller estudantes que acudían a Madrid a cursar unha carreira, como na de Señoritas, inaugurada en 1915 cos mesmos fins e destinada a mulleres, a Xunta ofreceu clases gratuítas de idiomas para suplir as grandes carencias da ensinanza oficial. A case nula ensinanza de linguas modernas nas universidades impedía a consulta de bibliografía estranxeira e dificultaba as viaxes de estudo. Destaca neste aspecto a Residencia de Señoritas dirixida por María de Maeztu. O centro estaba destinado a aloxar estudantes universitarias, da Escola Superior do Maxisterio, do Conservatorio, así como estudantes estranxeiras ou as que se dirixían a Madrid a ampliar a súa cultura. A Residencia feminina, situada en varios pequenos hoteis da madrileña rúa Fortuny, vai establecer dende o principio un frutífero convenio de colaboración co International Institute for Girls in Spain ou Instituto Internacional, fundación estadounidense de educación feminina situada na veciña rúa Miguel Ángel. Dende o primeiro momento, a Residencia de Señoritas ofreceu clases gratuítas de inglés (obrigatorias algúns anos); corrían a cargo de profesoras ou estudantes americanas procedentes dos *colleges* de mulleres máis selectos de Estados Unidos. Tamén houbo clases de francés, a cargo de nativas. As clases de alemán implantáronse nun primeiro momento, pero interrompéronse en 1918 até 1928, en que se regularizan; corrían a cargo de profesoras ou estudantes alemás; e, por último, houbo tamén clases de español para estranxeiras dende 1926.

A Residencia de Señoritas contou ademais cun servizo de intercambio de bolseiras entre España e Estados Unidos, que comezou en 1919 e se mantivo até a guerra: trinta e dúas estudantes españolas foron a Estados Unidos como bolseiras, delas dez a Smith College, seis a Vassar, catro a Bryn Mawr, catro a Wellesley, tres a Barnard e outras a diversos centros. A maioría das bolseiras eran mestras superiores ou inspectoras de ensinanza primaria (oito), seguidas polas licenciadas en Farmacia (seis), Ciencias (tres), Medicina (dúas) e Filosofía e Letras (dúas). A Residencia feminina recibiu a numerosas estudantes americanas, unha media de vinte a trinta ao ano a partir de 1925 (Vázquez Ramil, 2015: 274-279).

Na Residencia de Estudiantes tamén se impartían clases gratuítas de idiomas: francés, inglés e alemán; o idioma preferido foi o francés, por razóns obvias de arraigo, seguido polo alemán, que interesaba aos que querían ampliar estudos en Alemaña, entón na vangarda da investigación científica, e aos numerosos residentes que estudaban medicina; as clases de inglés gozaron de menos predicamento na Residencia de Estudiantes, o que chama a atención nun centro que pretendía ser a réplica de Oxford e Cambridge. Tampouco existiu un intercambio de bolseiros constante e organizado como o da Residencia feminina cos *colleges* de Estados Unidos.

No *Instituto-Escuela*, creado por Real Decreto de 10 de maio de 1918, como ensaio de planos de estudo e métodos de ensinanza, tiveron grande importancia os idiomas en todas as materias prácticas (traballos manuais, laboratorios, xogos, ximnasia, excursións), tan descoidadas nos planos oficiais. O Instituto-Escuela tiña unha sección preparatoria, equivalente a ensinanza primaria, dirixida por María de Maeztu, na que se impartía francés, e unha sección secundaria na que había clases de



francés, inglés e alemán. As clases de inglés corrían a cargo de profesoras americanas do Instituto Internacional, as de francés a cargo de profesores nativos e españois, igual cas de alemán. No Instituto-Escola, a diferenza dos demais institutos oficiais, dábase máis importancia ás linguas vivas que ás clásicas. Á hora de elixir idioma, ademais do francés obrigatorio, case o 70% do alumnado elixía inglés, fronte a un 30% que prefería alemán (Martínez Alfaro, 2009: 291).

Os idiomas foron, despois dos labores de agulla e das ensinanzas prácticas (mecnografía, confección, etc.), dos primeiros estudos que se ofreceron ás mulleres. Por exemplo, o Ateneo de Madrid tiña en 1892 clases de idiomas exclusivas para señoritas (inglés e francés), á parte das que se daban aos señores socios. Seguindo a estela da Asociación para a Ensinanza da Muller, o Centro Iberoamericano de Cultura Popular Feminina, creado en Madrid en 1906 por Matilde García del Real, ofrecía en 1914 un amplo abano de clases: gramática, ortografía, xeometría, contabilidade, mecnografía, hixiene doméstica, ximnasia sueca, idiomas (francés, inglés, italiano), etc. (*ABC*, Madrid, 4/1/1914: 12).

O Lyceum Club feminino, cuxas presidenta e secretaria eran María de Maeztu y Victoria Kent, respectivamente, e do que formaban parte famosas intelectuais e as mulleres dos homes máis relevantes da época, poñía á disposición das socias, dende 1926, ademais de interesantes ciclos de conferencias, clases de idiomas, taquigrafía e corte e confección. Xa coa Segunda República, son numerosas as asociacións, sindicatos e partidos de todo signo que ofrecen clases de idiomas, entre outras facilidades ás mulleres; por exemplo, *España Femenina*, unha asociación de tendencia moderada creada por M<sup>a</sup> del Valle R. Mantilla de los Ríos, permitía as súas asociadas, entre outras vantaxes, estudar taquigrafía, mecnografía e idiomas (francés, inglés, etc.) Segundo a súa secretaria, Isabel Solovera, «la aspiración de *España femenina* es formar mujeres útiles y conscientes. No es preciso que sean intelectuales y feministas, basta que sepan ser femeninas e inteligentes» (*ABC*, Madrid, 4/1/1914: 12).

De diferente talante era a *Asociación Femenina de Educación Cívica*, creada por María Martínez Sierra en 1932 e que, xunto coas habituais clases prácticas de confección e música, ofrecía un amplo abanico de idiomas: español, francés, inglés, alemán, italiano e ruso, algúns deles en clases duplicadas e incluso triplicadas, dada a demanda. Igualmente, a *Unión Republicana Femenina*, creada en 1931 por Clara Campoamor, ofrece ás súas socias clases gratuítas de numerosas materias: debuxo, xeografía, historia, taquigrafía, inglés, francés, etc.

O éxito e proliferación destas empresas motivou a mofa da revista de dereitas *Gracia y Justicia*, que vía detrás destes proxectos claras intencións políticas:

Ellas, con el cebo de las clases de Idiomas, cursos de todas especies, un local céntrico, cómodo y lujoso, todo ello por dos pesetas o menos de precio, vendrán todas como moscas y entremezclado con todo ello, yo me encargo, secundada por algún correligionario amigo, de irlas sembrando las ideas comunistas, y como las beatas que nos siguen son tontas y las otras lo suficientemente listas para ver que a mi lado pueden comer si hacen lo que yo dispongo, las primeras se tragan el anzuelo (y hasta ruedas de molino), y las otras hacen que se lo tragan, porque les conviene. (Juana la Lista, 1932: 4).



Por tanto, os idiomas (francés e inglés) son das materias que primeiro se feminizan e se ofrecen á muller como complemento ou como medio de subsistencia, tanto en ámbitos conservadores como progresistas. Non obstante, xa vimos o pobre panorama oficial: facía falta un centro público que sentase a base da ensinanza de idiomas ou linguas vivas en España con carácter profesional e aberto a todo tipo de alumnado, sen discriminación de sexo, de clase nin de nivel formativo previo, e se creou case ao mesmo tempo que se permite o acceso da muller á Universidade, na Escola Central de Idiomas de Madrid.

## 5. A ESCOLA CENTRAL DE IDIOMAS DE MADRID

A *Escuela Central de Idiomas* créase por Real Orde de 1 de xaneiro de 1911, sendo ministro de Instrución Pública Julio Burell, durante a presidencia do demócrata-progresista José Canalejas. A Escola nace inicialmente con tres idiomas: inglés, francés e alemán. Cada idioma consta de tres cursos: un primeiro ano no que se imparte o método directo (vocabulario e fonética), e segundo e terceiro anos de gramática. Ofrecíase ademais un curso complementario e de aplicación para profesionais, consistente en correspondencia mercantil, tecnoloxía industrial, literatura, etc.

Ao ano seguinte ampliáanse as ensinanzas da Escola co árabe vulgar, fundamental dadas as fluídas relacións comerciais de España con Marrocos e os vínculos coloniais, e coa lingua e literatura castelás. En setembro de 1911 inclúese noplano da escola o ensino do esperanto, pero impartiuse só durante dous cursos. En 1912 ampliáanse as ensinanzas co estudo das linguas italiana e portuguesa.

A Escola instalouse provisionalmente en dependencias da *Escuela Superior de Artes y Oficios*, na rúa San Mateo, e a partir de xuño de 1911 no piso baixo da casa número 3 da Cuesta de Santo Domingo, en réxime de aluguer prorrogable por anualidades (Díaz Ballesteros, 2011: 21-25).

A partir de 1913, recoñécese á Escola potestade para expedir certificados de aptitude, unha vez superadas determinadas probas de suficiencia. O exame para obter o certificado constaba de dúas partes: unha proba escrita, de carácter eliminatorio, e unha proba oral, consistente nunha tradución directa e outra inversa e nunha conversación.

O propósito da Escola era, en principio, preparar aos futuros profesores de linguas vivas dos centros oficiais, pero a realidade impúxolle outros camiños e se converteu en:

...Una institución popular, un verdadero gimnasio de idiomas modernos, en que sin distingos ni trabas de formulismo burocrático y haciendo compatibles estos estudios con otras disciplinas intelectuales, con atenciones de taller y de oficina y aun con ocupaciones manuales de los menos afortunados, pudiesen ensanchar y perfeccionar su cultura o redimirse de la ignorancia cuantos sintiesen la vehemencia noble por saber y ser. (*Escuela Central de Idiomas*, 1927: 10)

### 5.1. O alumnado feminino da Escola Central de Idiomas

A presenza de mulleres entre o alumnado da Escola Central de Idiomas é notábel dende o primeiro momento, aínda que nun principio serán maioría os homes. As mulleres superan en número de matrículas aos homes durante a década de 1918 a 1928, apreciándose un lixeiro descenso nos

primeiros anos da República, para remontar levemente despois, até a ruptura da guerra. Vexamos o seguinte cadro (Cadro I):

Cursos	Inglés		Francés		Alemán		Italiano		Español		Árabe		TOTAL	
	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M
1911	61	11	102	44	24	-	-----	-----					187	55
1914-15													378	325
1915-16													342	293
1916-17													334	271
1917-18													349	319
1918-19													402	418
1919-20													478	514
1920-21	135	126	181	439	13	7	5	4	3	---	5	---	342	576
1921-22	117	91	184	357	20	8	3	2	3	---	13	---	320	419
1922-23	147	124	257	441	34	15	5	4	1	2	12	---	430	508
1923-24	207	125	272	385	19	16	11	2	6	4	3	---	483	481
1924-25	180	123	278	417	26	16	10	8	7	--	7	---	508	564
1925-26	196	142	268	400	24	13	13	9	3	5	11	1	461	514
1926-27	220	200	308	430	26	17	13	8	4	5	10	2	527	588
1927-28														
1928-29													867	847
1929-30													971	914
1930-31													984	946
1931-32													856	832
1932-33													562	625
1933-34														
1934-35													596	547
1935-36													660	608
1939-40													317	299

**Cadro I.** Alumnado da Escola Central de Idiomas de Madrid. Fonte: Elaboración propia a partir de datos extraídos do libro *La Escuela Central de Idiomas...*, pp. 42-46 e dos Anuarios Estadísticos de España (1914-1920, 1929-1930, e a partir de 1934).

No seguinte cadro de distribución porcentual obsérvase a porcentaxe de alumnos e alumnas:

Curso	Homes	Mulleres
1915-16	53,9	46,1
1916-17	55,2	44,8
1917-18	52,2	47,8
1918-19	48,4	51,6
1919-20	48,2	51,8
1920-21	36,3	63,7
1921-22	42,5	57,5
1922-23	49,7	50,3

1923-24	50,1	49,9
1924-25	45,8	54,2
1925-26	47,3	52,7
1926-27	46,7	53,3
1927-28	---	---
1928-29	50,6	49,4
1929-30	51,5	48,5
1930-31	51,0	49,0
1931-32	50,7	49,3
1932-33	47,3	52,7
1933-34	---	---
1934-35	52,1	47,9
1935-36	52,1	47,9
1939-40	51,5	48,5
1940-41	49,5	50,5

**Cadro II.** Distribución porcentual por sexos do alumnado da Escola Central de Idiomas de Madrid. Fonte: Elaboración propia.

O maior número de alumnas a partir de 1918 explícase por varios motivos:

- a) Por Real Orde de 17 de outubro de 1917 establécese na Escola a Cátedra de perfeccionamento e ampliación de estudos de francés con elementos de historia da lingua e literatura francesas, destinada a alumnas de Escolas Normais; iso explica o incremento de matrícula de mulleres, especialmente no idioma francés. A partir de 1920, a materia pasou a ser Ampliación de francés.
- b) A Lei de bases de 1918<sup>6</sup>, coñecida como Lei Maura, permitía o acceso da muller á función pública nas categorías de auxiliar, o cal abriu a porta a que moitas mulleres se presentasen a oposicións á administración e, para elo, estudasen un ou varios idiomas.

Así mesmo, as alumnas da *Escuela del Hogar y Profesional de la Mujer*, tamén creada en 1911, estudan francés ou inglés na Escola Central de Idiomas ata 1920, en que contan con profesorado específico no seu establecemento.

Se nos fixamos na distribución numérica de alumnos e alumnas por idiomas, vemos que as mulleres foron sempre maioría no idioma francés; ás razóns antes indicadas da cátedra de francés, creada en 1917 para as alumnas de Escolas Normais, engádese a tradicional atracción das mulleres polo francés como idioma *de adorno* e ao arraigo de dito idioma no noso país por contactos xeográficos e culturais até ben entrado o século XX. O francés, por outro lado, tamén foi o idioma predilecto dos alumnos, superando sempre a metade da matrícula absoluta. A continuación está o

<sup>6</sup> *Ley de bases acerca de la condición de los funcionarios de la administración civil del Estado* de 22 de xullo de 1918 (Gaceta de Madrid nº 205 de 24 de xullo de 1919: 222-225), complementada polo Real Decreto de aplicación de dita Ley, de 7 de setembro de 1918 (Gaceta de Madrid nº 251 de 8 de setembro de 1918: 664-665).

inglés, que experimenta un aumento constante e sostido. O terceiro idioma é o alemán, no que as mulleres foron escasas nun primeiro momento, pero no que pouco a pouco se matriculan; as cifras do alemán van moi demoradas con respecto á case omnipresencia do francés e ao bo arraigo do inglés. Os restantes idiomas non pasan da anécdota. En lingua e literatura españolas tamén é moi escasa a matrícula de ambos sexos; os estranxeiros que desexaban estudar lingua e literatura española tiñan nese momento a posibilidade de facelo nos cursos trimestrais do Centro de Estudios Históricos, con resultados máis rápidos e profesorado de gran prestixio.

A afluencia de mulleres á *Escuela Central de Idiomas* e outros centros de estudo nesa época provocou todo tipo de reaccións, algunhas de humor tinguido de paternalismo como o artigo publicado por Fernando Luque en *Blanco y Negro* de Madrid en abril de 1918:

En la actualidad un gran número de muchachitas han roto el grillete de vuestros prejuicios, quizá porque ya no ven en nosotros un porvenir, y se buscan el suyo estudiando. En Madrid, por lo menos, hay una Escuela del Hogar, un Centro de Cultura Femenina, una Residencia de Estudiantes con clases para señoritas, y una Escuela de Idiomas que patrocina el Estado, donde acuden infinidad de lindas jóvenes a adquirir lenguas... -¿Más? ¡Y les sobra la que tienen! -Yo creo que el verdadero idioma de la mujer está en los ojos, y es internacional, como la música. (Luque 1918: 27).

Na Escola Central de Idiomas impúxose dende o primeiro momento a coeducación, tanto de sexos como de clases. Na ampla memoria sobre o centro publicada en 1927 destácase que ao centro acoden:

...obreros y aristócratas, industriales y abogados, comerciantes y empleados de la Banca y de los Ministerios, sacerdotes y militares (de jefes a soldados), maestros y estudiantes de distintas carreras, y al par que ellos, equiparada y a veces aventajada en número, una lucida representación del elemento femenino que, coincidiendo en el crisol de la depuración cultural y en un mismo afán de capacitación provechosa, busca el aprendizaje de idiomas como un estudio de adorno, como un refinamiento de ilustración o como medio y recurso de previsión con que poder, en el presente acucioso o en el porvenir incierto, hacer frente a las necesidades y contingencias de la vida. (Escuela Central de Idiomas: 22)

No medio de tan sobrecargada composición, advírtesenos que é maioría a clase media:

La masa general de alumnos y alumnas pertenece a la selecta y generalmente desatendida clase media, que se abre tenazmente su camino en el ejercicio de las profesiones liberales, en las garantías de seguridad de los destinos públicos o al servicio de empresas particulares; en todo lo cual el conocimiento acabado de más de una lengua extraña es requerido inexcusablemente y con mayor exigencia cada día. (*Ibid.*: 22-23).

No mesmo texto afirmase que a convivencia de ambos sexos nas aulas da Escola non leva creado ningún problema, pois impera o respecto, ao igual que en «todas las instituciones de la

América del Norte». A este respecto, cabe destacar que na Escola Central de Idiomas impúxose a coeducación de sexos, clases sociais e niveis educativos dende o principio e mantívose sempre sen obstáculos e sen as acendidas polémicas suscitadas noutros centros educativos da época e incluso de tempos máis recentes.

Cabe supoñer que moitas alumnas estudaban idiomas como complemento ou adorno, pero nos anos vinte a incorporación da muller ao traballo é notábel por efecto da primeira guerra mundial, e obsérvase unha crecente profesionalización no carácter dos seus estudos, tamén nos de idiomas. E así, na Escola as alumnas non tardaron en superar aos alumnos en número de certificados obtidos.

Véxase no seguinte cadro no que se detallan os certificados expedidos por idiomas e sexos dende 1912 a 1931<sup>7</sup> :

Curso	Francés		Inglés		Alemán		Castellano		Árabe		Italiano		TOTAL	
	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M
1912-13	1	2			1								2	2
1913-14	2	6	2				1	1	1				6	7
1914-15	1	8	4	1	1								6	9
1915-16	2	6	1	4	1								4	10
1916-17	1	7		2							1		2	9
1917-18	4	11		3	3								7	14
1918-19	1	9	1	2		1							2	13
1919-20	1	11	1				1						3	11
1920-21	1	1		3			2						3	4
1921-22	1	6		1				1					1	8
1922-23	3	4	3	2	1			1					7	7
1923-24		5	1			2							0	8
1924-25	5	6	2	3	1		3	1					11	10
1925-26	3	6	3	1	1		2	4					9	11
1926-27	5	7	4	1	1		3	3				1	13	12
1927-28 <sup>8</sup>														
1928-29 <sup>9</sup>													14	9
1929-30													13	12
1930-31													4	19
TOTAL	31	95	22	23	10	3	12	11	1		1	1	77	133

**Cadro III.** Certificados expedidos por idiomas e sexos dende 1912 ata 1931. Fonte: Elaboración propia.

<sup>7</sup> No curso 1927-28 carécese de datos. Nos seguintes, soamente datos do total de certificados expedidos, obtidos dos *Anuarios Estadísticos de España* a partir de 1932. A partir de 1931 só hai datos do total de certificados expedidos.

<sup>8</sup> Sen datos.

<sup>9</sup> Sólo datos do total de certificados expedidos, obtidos dos *Anuarios Estadísticos de España* a partir de 1932.

As mulleres manifestan maior empeño á hora de examinarse para conseguir o certificado de suficiencia. O maior número de certificados expedidos corresponde a francés, onde son maioría as mulleres; non obstante, en inglés de seguida se aprecia unha tendencia á nivelación, e o mesmo ocorre en castelán; os homes, en cambio, obteñen a maioría dos certificados de alemán; en árabe ou italiano expídense moi poucos certificados.

O certificado de aptitude non era un trámite fácil; eran poucos os alumnos que se presentaban e menos os que o aprobaban, agás en idiomas coma o castelán. Un exemplo é o de alumnos totais presentados e aprobados no curso 1926-27: en francés presentáronse vinte alumnos a exame e aprobaron o 60%, en inglés presentáronse oito e aprobaron o 62,5%, en alemán presentáronse catro e aprobaron o 25%, mentres que en italiano aprobou o único presentado, e en castelán fixérono os seis presentados (Morales Gálvez *et al.*, 2000: 47). A dificultade dos exames é evidente, especialmente en alemán, e contribuíu á valoración do certificado de aptitude e ao seu prestixio.

Nun artigo publicado por José Montero Alonso no xornal *El Nuevo Mundo* de Madrid en 1927 destácase a presenza da muller na Escola Central de Idiomas e a súa aplicación:

En este aprendizaje de idiomas, como en todo, la mujer contiene con el hombre en el campo antes exclusivamente varonil. ¿Qué actividad, qué disciplina está ya negada a ellas, a nuestro dulce enemigo eterno? Eva no tiene ya solo el arma de su belleza y de su feminidad, tiene además el arma de su inteligencia, de su voluntad y de su trabajo...

— ¿Quiénes estudian más: ellas o ellos? —he preguntado al director de la Escuela.

— Ellas, sí... Hay que reconocerlo (Montero Alonso, 1927: 11).

## 5.2. Traxectoria vital e profesional de alumnas da Escola Central de Idiomas

Entre as primeiras alumnas, destacan as dedicadas ao maxisterio que cursaban francés co fin de obter un posto en Escolas Normais. Co tempo, a medida que se diversifican os estudos das mulleres en xeral, tamén se diversifica o perfil das alumnas que acoden á Escola.

Por exemplo, Elisa Carnicer, que obtivo certificado de aptitude de francés en 1913-14, colaborou con Rafael Altamira na sección de Historia do Centro de Estudos Históricos. Carmen Fontecha Ramiro, natural de Oviedo, que obtivo tamén certificado de francés o mesmo ano, colaborou na sección de Lingua e Literatura da Xunta para Ampliación de Estudos e deu clases de español nos cursos para estranxeiros do Centro de Estudos Históricos; foi profesora de *Lengua y Literatura* nos institutos de Almería e en Alxeciras, onde hoxe unha rúa leva o seu nome (Asensio Romero, 2014: 25-29). Elena Paunero Ruiz, certificado de francés en 1921-22, estudou Ciencias e dende 1927 foi profesora de ciencias do Instituto Cardenal Cisneros de Madrid; dedicouse á investigación no Xardín Botánico madrileño, onde foi conservadora do herbario até os anos 70 (Blanco Fernández de Caley y Montserrat, 2007: 24-30).

Algunhas desenvolveron brillantes carreiras:

- Nieves González Barrio<sup>10</sup>: unha das primeiras residentes da Residencia de Señoritas e tamén das primeiras en exercer a Medicina en España, estudou alemán na Escola. Foi axudante do doutor Pittaluga no laboratorio de Patoloxía Tropical da Universidade de Madrid. A JAE concedeulle unha beca en 1921 para estudar nos laboratorios da prestixiosa Fundación Mayo de Boston. Entre 1925 e 1931 foi profesora da *Escuela Nacional de Puericultura de Madrid*.
- Trinidad Arroyo Villaverde: Natural de Palencia, licenciouse en Medicina en Valladolid en 1895; cursou o doutoramento en Madrid e optou pola especialidade de oftalmoloxía, que exerceu con grande éxito en colaboración co seu marido, o Dr. Manuel Márquez Rodríguez. Tiña gran facilidade para os idiomas dende pequena; na Escola Central de Madrid estudou alemán. Foi membro do *Comité Femenino de Higiene Popular* e cofundadora da *Sociedad Española de Mujeres Médicos*. Trinidad Arroyo formou parte do Comité de Becas constituído en 1921 na Residencia de Señoritas para seleccionar universitarias que desexaban ampliar estudos en Estados Unidos<sup>11</sup>. Comprometida coa República, exiliouse en México tras a guerra, onde compaxinou a docencia coa tradución de textos médicos. Morreu no exilio (Márquez Arroyo, 2010: 101-110)
- Mercedes Sardá Uribarri: Tras estudar na Escola de Institutrices, licenciouse en Filosofía e Letras en Madrid en 1902 e foi profesora da Escola Normal Central de Mestras e de Organización Escolar na Escola Superior do Maxisterio (Flecha, 1996: 148). Estudou árabe na Escola Central. Era filla do pedagogo catalán Agustí Sardà i Llavera, moi vinculado á Institución Libre de Enseñanza, coa que Mercedes mantivo fortes relacións (López del Castillo, 2003: 212).
- Mercedes Rodrigo Bellido: mestra superior, destacou como pioneira da psicoloxía infantil en España. Estudou no Instituto Rousseau de Ginebra cunha beca da JAE; especializouse en psicoloxía con Claparède e traballou con Piaget. En Madrid desenvolveu a súa labor na *Escuela Nacional de Sordomudos y Ciegos*, no *Instituto de Psicotecnia* e no *Hogar de Jóvenes Delincuentes*<sup>12</sup>. Estudara alemán na *Escuela Superior del Magisterio*. Tras a

<sup>10</sup> Archivo Residencia de Estudiantes: Expediente JAE/71-666. Nieves González Barrio naceu en Riotinto (Huelva) en 1884; doutorouse en Medicina en Salamanca en 1915 e en 1917 foi nomeada médica da beneficencia municipal de Tetuán. Ao tempo trasladouse a Madrid, aloxándose na Residencia de Señoritas, onde deu clases de Química. En 1921 a JAE concedeulle unha beca para estudar en Estados Unidos (R.O. 26/07/1921) contando coas excelentes referencias do doutor Pittaluga: ampliou estudos na Mayo Foundation de Nueva York, no College of St. Therese (Minnesota) e no Babie's Hospital de Nueva York. Redactou unha celebrada proposta de *Organización y reglamentación del cuerpo e institución de enfermeras visitadoras y acción cultural de las mismas* (1929).

<sup>11</sup> O Comité de Becas, presidido por María Goyri de Menéndez Pidal, estaba integrado por María de Maeztu (directora da Residencia de Señoritas), Trinidad Arroyo de Márquez, José Castillejo (secretario da JAE) e Zenobia Camprubí de Jiménez como secretaria. Dependía da Xunta para Ampliación de Estudos e reuníase nos locais da Residencia de Señoritas (Vázquez Ramil, 2012: 222).

<sup>12</sup> Mercedes Rodrigo Bellido (Madrid 1891- Puerto Rico 1982) foi a primeira psicóloga española. Con Pedro Roselló impartiu un curso de Psicotecnia a mestres en 1923 e iniciou o *Registro paidológico*. Traduciu ao español varias obras de Claparède e outros psicólogos da Escola Suíza. Débese a ela a aplicación da



guerra exiliouse en Colombia e Porto Rico. A súa irmá María, tamén alumna de alemán na Escola, estudou piano e composición no Conservatorio de Madrid, ampliando estudos en Múnic. En 1933 obtivo a cátedra de Conxunto Vocal do Conservatorio de Madrid. Tras a guerra exiliouse en Porto Rico.

- María de Maeztu e Whitney: nada en Vitoria en 1881, comezou a súa carreira como mestra en Bilbao. Vinculada á JAE, recibiu axudas para visitar a sección pedagóxica da Exposición franco-británica de Londres en 1908 e para estudar centros escolares en Francia, Bélxica e Xenebra en 1909. Foi alumna de Ortega na Escola Superior do Maxisterio de Madrid, e el animouna a ampliar estudos de filosofía en Alemaña; e por elo, María de Maeztu matriculouse en alemán na Escola Central. Ao chegar ao país xermano escribe con certa ironía a José Castillejo, secretario da Xunta para Ampliación de Estudos:

Me detuve en Leipzig más tiempo del que pensaba (hasta 1º de enero) porque al llegar a Alemania y enfrentarme con la lengua, tuve que librar una ruda batalla con el enemigo. ¡Y eso que llevaba 3 años estudiando el alemán! Con mis dos buenas maestras y explotando a todo el que caía bajo mi jurisdicción, pude entenderme pronto. (Carta de María de Maeztu a José Castillejo desde Marburgo, 13 de febrero de 1913, en Castillejo, 1999: 21)

Naturalmente, para seguir cursos de filosofía na universidade había que ter un gran dominio do idioma, e María de Maeztu tropezou cunha dificultade inicial; aínda que non tardou en superala, pois estudou dous semestres na Universidade de Marburgo cos profesores Natorp, Hartmann e Cohen, e ao seu regreso a España traduciu o *Curso de pedagogía* de Paul Natorp. En 1915 é nomeada directora do Grupo feminino da Residencia de Estudiantes; e dende 1918 ocúpase da dirección da sección primaria do Instituto-Escola de Madrid, tamén dependente da JAE. María de Maeztu ganouse o respecto xeral coa participación nalgúns dos proxectos máis ambiciosos de promoción da muller española, como a Residencia de Señoritas, a Asociación Española de Mulleres Universitarias, a Xuventude Universitaria Feminina, o Lyceum Club, etc. (Porto Ucha e Vázquez Ramil, 2015: 49-58). Ao inicio da guerra civil, o seu irmán Ramiro foi fusilado no cemiterio de Aravaca; tras o duro golpe, María renunciou aos seus cargos en España e emprendeu o camiño do exilio. Instalouse en Arxentina e ensinou filosofía na Universidade de Bos Aires. Morreu en Mar del Plata en xaneiro de 1948.

- Carmen de Burgos Seguí<sup>13</sup>: coñecida co pseudónimo de *Colombine*, foi unha das intelectuais máis destacadas da Idade de Prata. Frecuentou as clases de italiano na Escola Central de

---

psicología á educación especial. A partir de 1939 realizou unha gran labor de extensión da psicología como disciplina en Colombia, onde é recoñecida como pioneira na materia. En 1950 a axitada política colombiana obrigouna a trasladarse a Porto Rico, onde traballou con veteranos de guerra e no seu consultorio privado e onde faleceu en 1982 (Expte. JAE/124-264; Marín Eced, 1991: 298-300).

<sup>13</sup> Carmen de Burgos naceu en Almería en 1867, estudou maxisterio e dende principios do século XX colaborou na prensa madrileña. Tras un matrimonio desgraciado, en 1908 coñeceu a Ramón Gómez de la Serna, co

Idiomas. Colaborou na prensa madrileña no primeiro terzo do século XIX e participou en numerosas iniciativas políticas e feministas, como a Cruzada de Mulleres Españolas ou o Lyceum Club. Bolseira da Xunta para Ampliación de Estudos en varias ocasións, visitou Inglaterra, Francia, Italia e Portugal. Faleceu en Madrid en 1932. Escribiu numerosas obras, pero a fundamental e máis influente, pleno reflexo da súa gran personalidade é *La mujer moderna y sus derechos* (1927).

### 5.3. O profesorado da Escola Central de Idiomas: as profesoras

Nesa época, os directores da Escola Central de Idiomas foron homes. O primeiro director foi José González-Olivares e Molina, procedente do profesorado da Escola Industrial de Vigo, que ocupou o posto até outubro de 1916; substituíno Ángel de Luque e Calvo até abril de 1920, cando asumiu o posto o secretario, Rodolfo Gil Fernández. En 1930 é nomeado director Enrique Díez-Canedo, que desempeña o cargo até que en xaneiro de 1933 o goberno da República nomea o embaixador en Uruguai, pasando a ocupar a dirección Guillermo Perrín Thome.

Unha das primeiras profesoras da Escola foi Carmen Castellví e Gordon, condesa do Castellá e de Carlet, que deu clases de inglés dende o 1 de xaneiro de 1911 ata marzo de 1916, cando se traslada, a petición propia, á *Escuela Superior de Intendentes Mercantiles* de Barcelona. Isabel M<sup>a</sup> del Carmen Castellví foi escritora, colaborou na prensa dende principios de século e deu conferencias no Ateneo de Madrid e noutros centros de cultura. Escribiu varios libros, entre eles o manual *Urbanidad: estudio de las reglas de conducta*, que en 1947 acadara a oitava edición (Ramírez Gómez, 2000: 100)

O francés, idioma máis representativo da Escola, foi o que contou con máis profesoras; antes da guerra obtiveron praza fixa Victoriana Lenard Alarcón, M<sup>a</sup> Asunción Martínez e Ortiz de Urbina, Aurora Romero e Burell, Visitación Ortega Pérez, María Lafarie e Duha, Purificación Delgado Solís, Alicia Ruby Poulhier, Teresa Ferrer Noguel, Clotilde Lantín Villedieu e Trinidad Uceda Caamaño. Angustias Lozano Najar foi nomeada profesora de castelán en 1918; procedía da *Escuela del Hogar y Profesional de la Mujer*.

Canto ás traxectorias das profesoras, Victoriana Lenard traduciu do francés un libro titulado *Tratado práctico del corte y la confección de vestidos para señoras y niños*, de Marcel Dessault, publicado en París en 1898. Visitación Ortega Pérez era profesora de Francés das Escolas Normais de Mestres e Mestras de Zaragoza e obtivo unha agregaduría na Escola Central de Idiomas; en 1920 a JAE concedeulle unha pensión para estudar durante nove meses literatura francesa na Facultade de Letras de París e para realizar o curso de preparación de profesores de Francés no estranxeiro<sup>14</sup>. Purificación Delgado Solís procedía da Escola Normal de Mestras de Alacante; posteriormente, entre 1933 e 1935 ocupa o mesmo posto na Normal de Mestras de Valencia. Alicia Ruby Poulhier

---

que estableceu unha relación moi criticada no seu momento. Feminista e afín ao Partido Republicano Radical Socialista de Marcelino Domingo, morreu en Madrid en 1932. (Introdución de Pilar Ballarín ao libro de Carmen de Burgos, *La mujer moderna y sus derechos*, 2007: 13-57)

<sup>14</sup> Arquivo Residencia de Estudiantes: Expte. JAE/108-110.

é, despois da guerra e até a súa xubilación, profesora de francés no Instituto Ramiro de Maeztu de Madrid. Teresa Ferrer Noguel chegaría a ser a primeira directora da Escola de Idiomas Jesús Maestro de Madrid, entre 1975 e 1979.

No seguinte cadro (Cadro IV) obsérvase a proporción de profesores y profesoras; estas comezaron sendo o 11% do total e chegaron en 1927 a representar o 35%, a maioría no idioma francés e na categoría de auxiliar.

Años	Profesores	Profesoras
1911	8	1
1912	15	2
1916	16	4
1920	17	7
1927	20	7

**Cadro IV.** Distribución numérica de profesores e profesoras (1911-1927). Fonte: Elaboración propia.

#### 5.4. Profesores relevantes

Naturalmente e, aínda que nos interesa ver a presenza da muller na Escola Central de Idiomas, tanto entre profesorado como alumnado, o noso estudo resultaría incompleto se non nos fixasemos no profesorado masculino, sobre todo nos profesores que desenvolveron importantes traxectorias académicas, literarias ou políticas.

O 13 de febreiro de 1911 obtén o posto de agregado de lingua francesa Enrique Díez-Canedo e Reixa; en 1930 é designado director da Escola, cargo que ocupa até xaneiro de 1933, cando é nomeado embaixador de España en Uruguai. Enrique Díez-Canedo foi un dos intelectuais máis destacados do primeiro terzo do século XX, e ao seu incansábel labor de crítico literario débese a consideración da literatura hispanoamericana no noso país. Moi vinculado aos círculos institucionistas e da Xunta para Ampliación de Estudos, participou nos cursos de español para estranxeiros do Centro de Estudos Históricos e nas actividades das Residencias, tanto a de Estudiantes como a de Señoritas. Á parte dos seus numerosísimos artigos en xornais e revistas, Díez-Canedo foi un autor prolífico de libros de poesía (*Versos de las horas*), eruditos (*La poesía francesa moderna*) e ensaios (*El teatro y sus enemigos*), e tradutor de diversas linguas: traduciu do grego *Tragedias* de Esquilo; do francés, *Páginas escogidas*, de Montaigne, ou *La buena canción* de Verlaine; do inglés, *La duquesa de Malfi: tragedia*, de John Webster. En 1935 ingresou na Real Academia Española.

Asumiu o posto de director da Escola Central de Idiomas con certa resignación, pois na breve etapa que seguiu ao Directorio militar a situación política era moi inestábel; queda constancia nunha carta que escribiu ao seu grande amigo o escritor e crítico mexicano Alfonso Reyes:

El nuevo régimen postdictatorial ha hecho de mí poco menos que un personaje oficial llevándome a la dirección de la Escuela Central de Idiomas —no como favor, sino por ser yo el más antiguo. Esto me da poco dinero (1500 pesetas más al año, es decir, 125 al mes) y algún trabajo y responsabilidades suplementarias. Encontré la Escuela, además, en un

estado asimismo postdictatorial y tengo que ir trayéndola a un régimen normal que tiene sus dificultades. (Carta de Enrique Díez-Canedo a Alfonso Reyes, 26 de agosto de 1930; en Jiménez León, 2001: I, 55)

En abril de 1936 foi designado embaixador en Arxentina, posto que ocupou até 1937. En 1938 exiliouse en México, onde morreu en 1944.

Outra figura sobranceira do claustro de profesores da Escola Central de Idiomas foi Pedro Salinas Serrano, nacido en Madrid en 1891 (Mainer, 1991: 107-119). Estudou os primeiros anos no Colexio Hispano-francés de Madrid, onde aprendeu a amar a cultura francesa; na Universidade de Madrid cursou Dereito e Filosofía e Letras. Entre 1914 y 1917 foi lector de español na Facultade de Letras da Universidade de París. En 1918 obtivo a cátedra de Lingua e Literatura española da Universidade de Sevilla, trasladándose posteriormente á de Murcia. Nos anos vinte foi profesor de español na Universidade de Cambridge, e a partir de 1928 director dos cursos de verán para estranxeiros do Centro de Estudos Históricos. Por Real Orde de 10 de outubro de 1930, é nomeado profesor de lingua e literatura española para estranxeiros na Escola Central de Idiomas de Madrid. E no mesmo ano asumiu a dirección dos cursos para estranxeiros da Sociedade Menéndez Pelayo en Santander.

Pedro Salinas estivo moi ligado á Xunta para Ampliación de Estudos, e colaborou co seu secretario, José Castillejo, na creación dun centro docente plurilingüe en 1928, a *Escuela Internacional*, na que se impartían ensinanzas en tres idiomas: inglés, francés e alemán ou español, dendeo parvulario.

Ademais desta intensa actividade como profesor de español para estranxeiros e conferencian- te, Pedro Salinas destacou como poeta, membro da Xeración do 27; a súa obra poética abarca obras como *La voz a ti debida* (1933), *Razón de amor* (1936) e *Largo lamento* (1939). Escribiu tamén teatro, prosa e ensaios, e traduciu ao castelán os dous primeiros libros de *En busca del tiempo perdido*, de Proust, publicados pola editorial arxentina Rueda.

A guerra civil sorprendeuno na Universidade de verán de Santander; trasladouse a Estados Unidos e deu clase no Wellesley College e na Johns Hopkins University de Baltimore. Entre 1943 e 1946 exerceu a docencia na Universidade de Porto Rico. Faleceu en Boston en 1951.

Destacado foi tamén Luis López-Ballesteros e de Torres, profesor de francés dende 1918, que traduciu as obras de Freud ao español por primeira vez dende o orixinal alemán (17 volumes editados por Biblioteca Nueva), merecendo a felicitación do propio Freud; morreu durante a guerra civil, en 1938.

## **6. REORGANIZACIÓN DA ESCOLA CENTRAL DE IDIOMAS: OS INSTITUTOS DE IDIOMAS DAS UNIVERSIDADES**

Por Real Orde de 30 de xullo de 1926, créanse Institutos de Idiomas nas universidades. Os Institutos, regulados polo Real Decreto de 18 de febreiro de 1927, dividíanse en dúas seccións: Linguas clásicas (grego, latín, hebreo e árabe) e Linguas modernas (francés, inglés, alemán e italiano).

Sostíñanse con fondos dos padroados universitarios e outorgaban graos de bacharel elemental en linguas clásicas e idiomas modernos *sin carácter oficial*. O labor dos Institutos de Idiomas das universidades non interferiu co da Escola Central, cuxa orientación era moito máis práctica e estaba aberta a alumnos de toda clase e condición. Os primeiros, en cambio, mantiveron a tradición teórica das universidades, como ocorreu até tempos máis recentes.

Na mesma época, por R.O. de 4 de marzo de 1927 a Escola Central de Idiomas adscríbese á Universidade Central. A reorganización da Escola complétase cun Regulamento interno de réxime orgánico da mesma, aprobado por Real Orde de 14 de outubro de 1930<sup>15</sup>. En dito regulamento sinálase que o obxecto da Escola é:

...la enseñanza de las lenguas modernas con la amplitud necesaria para conseguir su perfecta posesión por parte del alumno, así en las necesidades de la vida de relación como en las más reposadas y exigentes de un estudio especializado. Dentro del plan de estudios de la Escuela tendrán cabida todos los idiomas sin excepción, limitándose las enseñanzas a los de uso hoy más extendido, pero pudiendo siempre ampliarse a aquellos que la Superioridad determine como indispensables o más útiles según las circunstancias.

Dispónse que na Escola se impartan os seguintes idiomas: francés, inglés, alemán, italiano, árabe vulgar e español para estranxeiros. A idade mínima de ingreso era de doce anos, único requisito de acceso. Os profesores dividiáanse en numerarios españois, estranxeiros contratados, axudantes e axudantes repetidores, estes últimos seleccionados entre alumnos diplomados da Escola e que exercían as súas funcións gratuitamente, podendo, se se daba o caso, optar a prazas de auxiliares.

Durante a Segunda República creceu de maneira notábel o número de alumnos matriculados na Escola. En 1935 apróbase o Plano de Estudos formulado polo claustro de profesores da Escola en 1933<sup>16</sup>. Dito Plano de Estudos, moi completo, tiña unha orientación netamente práctica. Cada idioma dividíase en tres períodos cun cuarto curso de repaso e perfeccionamento, agás o árabe, que abarcaba dous cursos, e o español para estranxeiros, que se dividía en dous niveis, elemental e avanzado.

## 7. A GUERRA CIVIL

A guerra civil cortou a actividade da Escola Central de Idiomas, como a da práctica totalidade de centros de ensinanza de Madrid. Enrique Díez-Canedo e Pedro Salinas se exiliaron e morreron fóra de España.

<sup>15</sup> *Gaceta de Madrid* de 19 de outubro de 1930.

<sup>16</sup> O Plano de Estudos da Escola Central de Idiomas, elaborado polo claustro de profesores da mesma, foi aprobado por dito claustro en sesión de 7 de xullo de 1933 e referendado polo *Consejo Nacional de Cultura* el 25 de maio de 1934, condicionándose a que se habilitase un edificio adecuado para acoller aos dous mil alumnos que acudían á Escola e a que se aumentase a carga docente e as retribucións do profesorado; problemas materiais impediron que se atendese a estes puntos; sen embargo, o Plano foi definitivamente aprobado e 27 de xuño de 1935 e inserto na *Gaceta de Madrid* n° 196 de 15 de xullo de 1935, pp. 561-564.

Tanto o profesorado como o persoal administrativo e auxiliar da Escola sufriron expedientes de depuración. Francisco Javier Tapia Cervantes, profesor de inglés, foi separado do servizo pola República en 1938, acusado de abandonar o seu posto. O novo réxime separou de servizo a María Lafarie e Duha en 1940, e a José Argüelles Vázquez, profesor de árabe, en 1943. A maioría do persoal, non obstante, foi confirmado nos seus postos.<sup>17</sup>

## 8. CONCLUSIÓNS

Abordamos neste traballo o acceso das mulleres españolas aos estudos de idiomas ou linguas vivas, impulsados en principio como materias de adorno, especialmente o francés, en agrupacións e asociacións de diverso tipo, como o Ateneo Artístico e Literario de Señoras ou España Feminina, ambos en Madrid. Os idiomas foron tamén impulsados dende as iniciativas conectadas coa Institución Libre de Ensinanza, como a Asociación para a Ensinanza da Muller de Madrid, xa con unha intención máis profesionalizadora e ligada á preparación para profesións como o corpo de Correos e Telégrafos e, por suposto, o ensino.

A Lei Moyano non esixía título ao profesorado de linguas vivas, o cal daba lugar a situacións moi diversas e a unha case xeral falta de estima por estas materias até os primeiros anos do século XX, cando comeza a sentirse como necesidade imperiosa a relación de España con outros países. Neste marco, créase a Escola Central de Idiomas de Madrid en 1911 e ábrese ás mulleres, que atoparán nela un lugar onde formarse para ampliar os seus estudos no estranxeiro, como no caso de María de Maeztu ou de Mercedes Rodrigo Bellido, ou para atopar traballo en oficinas ou institucións. E así, as alumnas superarán en número aos alumnos entre 1918 e 1928, inclinándose maioritariamente polo idioma francés, seguido polo inglés. O leve retroceso a partir de 1928 explícase pola dedicación das mulleres a un abano cada vez maior de estudos e especializacións, pero sen abandonar os idiomas, que podían cursarse en centros adscritos ás Universidades e en múltiples academias e asociacións en todo o país.

A presenza das mulleres entre o profesorado da Escola Central de Idiomas creceu dende unha única profesora en 1911 (escritora, publicista e persoa de relevo na sociedade da época) até ás sete que integran o claustro a partir de 1917, sendo maioritarias as profesoras de francés e tamén as que tiñan categoría de auxiliar. Haberá que esperar a 1975 para que unha muller ocupe o cargo de directora da Escola Central de Idiomas, reconvertida en Escola de Idiomas Jesús Maestro de Madrid.

O camiño que a aprendizaxe de idiomas supuxo para as mulleres foi frutífero, dende as nocións de francés que se proporcionaban ás mozas da aristocracia ou da burguesía con pretensións a mediados do século XIX até as opcións profesionalizadoras defendidas polo entorno da Institución Libre de Ensinanza e logo pola Xunta para Ampliación de Estudos, que impulsou unha xenerosa política de becas no estranxeiro que esixían coñecementos de idiomas, particularmente francés, inglés e alemán. Exemplo modélico foi o da Residencia de Señoritas de Madrid, onde se ofrecían clases de francés, inglés e alemán ás residentes a cargo de profesoras nativas e se potenciaron os intercambios cos *colleges* femininos norteamericanos máis salientábeis.

<sup>17</sup> Ordes de 29 de xullo e de 11 de decembro de 1940.

A guerra supuxo unha creba drástica, pero a partir dos anos 40 as mulleres tomarán ás aulas da Escola Central de Idiomas e logo a outros centros, buscando un lugar no mundo do traballo e do ensino.

## FONTES PRIMARIAS

Residencia de Estudiantes. Arquivo da JAE [accesible en:[http://archivojae.edaddeplata.org/jae\\_app/JaeMain.html](http://archivojae.edaddeplata.org/jae_app/JaeMain.html)]

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Asensio Romero, P. (2014). *Los años de la señorita Celia*. Madrid: Verbum.
- Ateneo Artístico y Literario de Señoras de Madrid (1869). *Estatutos y Reglamento interior*. Madrid: Imprenta de los Sres. Rojas.
- Blanco Fernández de Caleyá, P. y Montserrat, P. (2007). Elena Paunero Ruiz, Conservadora de Herbarios del Jardín Botánico de Madrid, centenaria. *Boletín de la AHIM*, 8-9, 24-30.
- Burgos, C. de (2007). *La mujer moderna y sus derechos*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Castillejo, D. (ed.) (1999). *Epistolario de José Castillejo. III: fatalidad y porvenir, 1913-1937*. Madrid: Castalia.
- Castro, A. (1921). La enseñanza de las lenguas modernas. En José Polo (ed.) (2008) *La Facultad de Filosofía y Letras de Madrid en la Segunda República. Arquitectura y Universidad durante los años 30*. Madrid: SECC, 374-379.
- Díaz Ballesteros, P. (2011). La creación de la Escuela Central de Idiomas. Los primeros años (1911-1920). En VV.AA. *Escuelas Oficiales de Idiomas. 100 años: 1911-2011*. Madrid: Escuela Oficial de Idiomas de Madrid-Jesús Maestro, 19-36.
- Escuela Central de Idiomas (1927). *La Escuela Central de Idiomas: su creación, sus enseñanza sus éxitos*. Madrid: L. Asín Palacios.
- Flecha García, C. (1996). *Las primeras universitarias en España. 1872-1910*. Madrid, Narcea.
- Gabriel, N. de (1997). Alfabetización, semialfabetización y analfabetismo en España (1860-1991), *Revista Complutense de Educación*, vol. 8, nº 1, 199-232.
- Jiménez León, M. (2001). *Enrique Díez-Canedo, crítico literario*. [Tese de doutoramento presentada na Facultade de Filoloxía da UAB e dirixida por Adolfo Sotelo Vázquez].
- Juana la Lista. Mujeres republicanas en interviús de camama, *Gracia y Justicia*, nº 37, Madrid, 14/05/1932.
- López del Castillo, M.T. (2003). *Defensoras de la educación de la mujer. Las primeras inspectoras escolares de Madrid (1861-1926)*. Madrid: Consejería de Educación-Comunidad de Madrid.
- Mainer, J. C. (1991). Salinas, crítico, *Revista de Occidente*, nº 126, noviembre 1991, 107-119.
- Marín Eced, T. (1991). *Innovadores de la educación en España (los becarios de la Junta para Ampliación de Estudios)*. Ciudad Real: Universidad de Castilla-La Mancha.
- Márquez Arroyo, C. (2010). Trinidad Arroyo de Márquez (1872-1959): primera oftalmóloga española, políglota, redactora médica y una mujer de armas tomar. *Panace@*, vol. XI, nº 31,



- 201-110 [Accesible en: [http://www.tremedica.org/panacea/IndiceGeneral/n31\\_semblanzas\\_Marquez.pdf](http://www.tremedica.org/panacea/IndiceGeneral/n31_semblanzas_Marquez.pdf)].
- Martínez Alfaro, E. (2009). *Un laboratorio pedagógico de la Junta para Ampliación de Estudios: el Instituto-Escuela. Sección Retiro de Madrid*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Montero Alcaide, A. (2009). Una ley centenaria: la Ley de Instrucción Pública (Ley Moyano, 1857) [en línea]. *Cabás: Revista del Centro de Recursos, Interpretación y Estudios en materia educativa (CRIEME) de la Consejería de Educación del Gobierno de Cantabria* [publicación seriada en línea], n° 1, pp. 1-23. [Accesible en: <http://revista.muesca.es/index.php/articulos/71-la-ley-de-instruccion-publica-ley-moyano-1857>].
- Montero Alonso, J. Carnet madrileño. La única Escuela Oficial de Idiomas que hay en España. Tiene actualmente 1400 alumnos. De ellos, ochocientas son mujeres, *Nuevo Mundo*, Madrid, 16/12/1927, 11.
- Morales Gálvez, C. et al. (2000). *La enseñanza de lenguas extranjeras en España*. Madrid: CIDE.
- Morales Gil, F. J. (2009). La enseñanza de idiomas en España en la frontera de los años 30: las ilusiones perdidas. *Documents pour l'histoire du français langue étrangère ou seconde* [en línea],[Accesible en: URL : <http://dhfiles.revues.org/785> ]
- Moyano Samaniego, C. (1857). *Ley de Instrucción Pública sancionada por S.M. en 9 de septiembre de 1857*. Madrid: Imprenta Nacional.
- Palacios Lis, I. (1985). Cuestión social y educación: un modelo de regeneracionismo educativo. *Historia de la Educación: revista interuniversitaria*, n° 4, 305-320.
- Pardo Bazán, E. (1976). *La mujer española*. Madrid: Editora Nacional.
- Porto Ucha, A. S. (2004). A formación inicial e a profesionalización dos mestres e mestras: unha aproximación histórica con referencias a Galicia, *Innovación Educativa*, 14, pp. 239-270.
- Porto Ucha, A.S. e Vázquez Ramil, R. (2015). *María de Maeztu. Una antología de textos*. Madrid: Dykinson.
- Ramírez Gómez, C. (2000). *Mujeres escritoras en la prensa andaluza del siglo XX (1900-1950)*. Sevilla: Universidad de Sevilla.
- Saiz Otero, C. (2006). *La revolución del 68 y la cultura femenina. Un episodio nacional que no escribió Galdós (Apuntes del natural)*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Sánchez-Ron, J. M. (2007). La Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (1907-2007). En Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas, *El laboratorio de España: la Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas, 1907-1939*. Madrid: CSIC-SECC.
- Solé Romero, G. (1990). *La instrucción de la mujer en la Restauración: la Asociación para la Enseñanza de la mujer*. Madrid: Universidad Complutense.
- Vázquez Ramil, R. (2012): *Mujeres y educación en la España contemporánea. La Institución Libre de Enseñanza y la Residencia de Señoritas de Madrid*. Madrid: Akal.
- Vázquez Ramil, R. (2015), A Thorougfhare of Freedom: intercambios de becarias entre colleges femeninos norteamericanos y la Residencia de Señoritas de Madrid (1919-1936). En: VV.AA., *Mujeres en vanguardia. La Residencia de Señoritas en su centenario (1915-1936)*. Madrid: Publicaciones de la Residencia de Estudiantes.